

Circular 1/2021

Estimadas familias,

Nos próximos días colgaremos nesta páxina web o **Plan de adaptación á situación Covid no curso 2021-2022**, que segue a ser practicamente o mesmo ca do ano anterior. Concretaremos esta información nas distintas xuntanzas¹ coas familias. En ditas reunións deberase respectar:

- Un único asistente por alumno/a (sen nenos/as, carritos de bebé, etc)
- Uso obrigatorio de máscara.

Lémbrovos os aspectos máis salientables:

- Entradas e saídas con horario diferenciado². Prégase puntualidade.
- Non está permitido acceder ao recinto a ningún acompañante agás en Educación Infantil, onde se poderá entrar unha persoa acompañante, que debe abandonar o recinto tan pronto o/a alumno/a estea na súa aula.
- Grupos de convivencia estables (grupos “burbulla”).
- 3 grupos para 1º e 3º de E. Primaria.
- Máscara obrigatoria para todo o alumnado a partir dos 6 anos. Traer outra máscara de recambio, así como un estoxo para gardala.
- Hixiene de mans obrigada (ata 5 veces na xornada).
- Gardar a distancia de 1,5 m en todo o recinto.
- Material de uso individual: cada neno/a traerá o seu estoxo cos obxectos de emprego común.
- Obrigatoriedade de non enviar aos nenos/as con síntomas compatibles co COVID (febres, tose, dificultades respiratorias, diarrea...) e de comunicar os posibles casos no teléfono 641770209.
- Comedor escolar: manteranse os grupos estables de convivencia e asignaranse postos fixos durante todo o ano. (Listado definitivo 7 de setembro).

Grazas adiantadas pola vosa colaboración e un cordial saúdo,

M^a José Portero, directora.

¹ Ver web do colexio.

² Publicarase a información na web do colexio e nas distintas entradas.